

AVISO INFORMATIVO COVID-19

Dende a Xerencia da Área Sanitaria de Ourense do Servizo Galego de Saúde comunican a existencia de cinco (5) casos activos de Covid-19 no Concello.

Debemos extremar a precaución e a prevención e manter o criterio de responsabilidade e prudencia no desenvolvemento de actividades e servizos para evitar a propagación do virus.

Insistir e recordar novamente, a necesidade de cumprir estritamente todas as medidas ditadas polas autoridades sanitarias:

- Uso obrigatorio da máscara en todo momento.
- Manter a distancia de seguridade.
- Lavarse as mans correctamente ou utilizar xel hidroalcohólico.
- Evitar tocarse os ollos, nariz e boca e boa hixiene respiratoria.
- Limitar os contactos sociais e cumprir as restricións en vigor.
- E lembrar que en caso de ter algún síntoma, contactar co **061** ou co teléfono de información para a cidadanía **900 400 116**.

Por último, unha vez máis agradecer o comportamento cívico e o esforzo da veciñanza e apelar á responsabilidade persoal e á prudencia de todos, e non baixar a garda para lograr o obxectivo común de manter a saúde pública de todos os veciños e veciñas do noso Concello.

Seguiremos actualizando a información que nos sexa notificada oficialmente polas autoridades sanitarias.